CA6.3.1 Explicáronse o procedemento que hai que ter en conta na aplicación das medidas complementarias hidrotermais, indicando as súas contraindicacións totais ou relativas
CA6.3.2 Determináronse as medidas preventivas que hai que ter en conta na aplicación das medidas complementarias hidrotermais, indicando as súas contraindicacións totais ou relativas
CA6.4 Estableceuse a proporción de nutrientes en función do tipo de esforzo físico
CA6.5 Calculouse o balance enerxético entre inxestión e actividade física
CA6.6 Confeccionouse unha listaxe de hábitos dietéticos saudables

4.6.e) Contidos

Contidos
<p>Medidas de recuperación do esforzo físico. Bases biolóxicas da recuperación.</p> <p>Métodos e medios de recuperación dos substratos enerxéticos. Osíxeno, niveis de mioglobina e reservas musculares de fosfato. Creatina, glicóxeno muscular e hepático, e eliminación do lactato muscular.</p> <p>Medios e métodos de recuperación intrasesión e intersesión: físicos (masaxe, sauna, baños de contraste, auga fría e hidromasaxe) e fisioterapéuticos (electroterapias, terapia con calor de penetración, iontoforese, terapia de corrente dinámica, estimulación nerviosa eléctrica, transcutánea e estimulación eléctrica muscular). Suplementos e fármacos. Axudas psicolóxicas.</p> <p>Medios e métodos de recuperación intrasesión e intersesión: físicos (masaxe, sauna, baños de contraste, auga fría e hidromasaxe) e fisioterapéuticos (electroterapias, terapia con calor de penetración, iontoforese, terapia de corrente dinámica, estimulación nerviosa eléctrica, transcutánea e estimulación eléctrica muscular)</p> <p>Suplementos e fármacos. Axudas psicolóxicas.</p> <p>Alimentación e nutrición. Clasificación e grupos de alimentos. Nutrientes. Composición dos alimentos e principios inmediatos. Vitaminas, minerais e auga. Necesidades calóricas. Dieta equilibrada, recomendacións RDA e dieta mediterránea. Necesidades alimentarias antes, durante e despois do exercicio físico, en función dos obxectivos. Axudas ergoxénicas, reposición de auga, solucións electrolíticas, equilibrio nutricional na actividade física e alimentos funcionais. Consecuencias dunha alimentación non saudable. Trastornos alimentarios.</p> <p>Alimentación e nutrición. Clasificación e grupos de alimentos. Nutrientes. Composición dos alimentos e principios inmediatos. Vitaminas, minerais e auga. Necesidades calóricas</p> <p>Dieta equilibrada, recomendacións RDA e dieta mediterránea. Necesidades alimentarias antes, durante e despois do exercicio físico, en función dos obxectivos. Axudas ergoxénicas, reposición de auga, solucións electrolíticas, equilibrio nutricional na actividade física e alimentos funcionais.</p> <p>Consecuencias dunha alimentación non saudable. Trastornos alimentarios. Axudas para gañar e perder peso. Dietas hipocalóricas e hipercalóricas.</p>

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	VALORACIÓN INICIAL DA ASISTENCIA NUNHA URXENCIA	12



4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia, analizando os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Xustificouse o xeito de asegurar a zona e as manobras necesarias para acceder á persoa accidentada, identificando os posibles riscos, e propúxose a mellor forma de acceso
CA1.2 Seguíronse as pautas de actuación, segundo protocolo, para a valoración inicial dunha persoa accidentada
CA1.3 Identificáronse situacións de risco vital e definíronse as actuacións que levan consigo
CA1.4 Discrimináronse as circunstancias ou os casos en que non se debe intervir e as técnicas que non debe aplicar o/a primeiro/a interviniente de xeito autónomo
CA1.5 Aplicáronse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas accidentadas
CA1.6 Revisouse o contido mínimo dunha caixa de urxencias e as indicacións dos produtos e medicamentos
CA1.7 Determináronse as prioridades de actuación en función da gravidade e do tipo de lesións, e as técnicas de primeiros auxilios que cómpre aplicar
CA1.8 Identificáronse os factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente, emerxencia e dó

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>Urxencia e emerxencia. Sistemas de emerxencia, sistemas integrais de urxencias e organización de sistemas.</p> <p>Protocolo de actuación fronte a emerxencias: valoración inicial, planificación da actuación, localización e formas de acceso, identificación de posibles riscos, protección da zona e acceso á persoa accidentada.</p> <p>Terminoloxía médica ou sanitaria nos primeiros auxilios.</p> <p>Primeiro/a interviniente como parte da cadea asistencial: conduta PAS (protexer, alertar e socorrer). Perfil do/da primeiro/a interviniente: competencias, obxectivos e límites de actuación. Principios xerais. Riscos e protección. Seguridade na intervención. Prevención de doenzas e contaxios.</p> <p>Primeiro/a interviniente como parte da cadea asistencial: conduta PAS (protexer, alertar e socorrer). Perfil do/da primeiro/a interviniente: competencias, obxectivos e límites de actuación</p>



Contidos
<p>Principios xerais. Riscos e protección. Seguridade na intervención. Prevención de doenzas e contaxios.</p> <p>Sistemática de actuación: valoración do nivel de consciencia, comprobación da ventilación e actuación fronte a signos de risco vital.</p> <p>Actitudes e control da ansiedade: marco legal, responsabilidade e ética profesional.</p> <p>A caixa de primeiros auxilios: instrumentos, material de cura e fármacos básicos.</p>

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	TÉCNICAS DE SOPORTE VITAL BÁSICO E PRIMEIROS AUXILIOS	27

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica técnicas de soporte vital e primeiros auxilios, segundo os protocolos establecidos	SI
RA3 - Aplica métodos de mobilización e inmovilización que permitan a evacuación da persoa accidentada, e apoio psicolóxico, en caso necesario	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse e describíronse as fases do protocolo básico de soporte vital
CA2.2 Aplicáronse técnicas de desobstrución da vía aérea
CA2.3 Aplicáronse técnicas de soporte vital segundo o protocolo establecido
CA2.4 Aplicáronse as técnicas básicas e instrumentais de reanimación cardiopulmonar sobre manequíns, mesmo utilizando equipamento de oxigenoterapia e desfibrilador automático e semiautomático
CA2.5 Aplicáronse medidas de posreanimación
CA2.6 Valorouse a importancia de aplicar con precisión os protocolos establecidos



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación
CA2.7 Indicáronse as causas, os síntomas, as pautas de actuación e os aspectos preventivos nas lesións, as patoloxías e os traumatismos máis significativos, en función do medio en que se desenvolve a actividade
CA2.8 Aplicáronse primeiros auxilios ante simulación de patoloxías orgánicas de urxencia e de lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos
CA2.9 Descríbironse as repercusións dunha incorrecta aplicación das técnicas de primeiros auxilios e do traslado da persoa accidentada
CA2.10 Aplicáronse as estratexias básicas de comunicación coa persoa accidentada e acompañantes, en función de diferentes estados emocionais
CA2.11 Especificáronse as técnicas para controlar unha situación de dó, ansiedade e angustia ou agresividade
CA3.1 Valorouse a importancia do autocontrol e de infundir confianza e optimismo á persoa accidentada durante toda a actuación
CA3.2 Especificáronse as técnicas para superar psicolxicamente o fracaso na prestación do auxilio
CA3.3 Identifícaronse e aplicáronse os métodos básicos para efectuar o rescate dunha persoa accidentada, efectuando as manobras necesarias para acceder á vítima
CA3.3.1 Identifícaronse os métodos básicos para efectuar o rescate dunha persoa accidentada
CA3.3.2 Aplicáronse os métodos básicos para efectuar as manobras necesarias para acceder á vítima
CA3.4 Aplicáronse os métodos de inmovilización aplicables cando a persoa accidentada ha tido que ser trasladada
CA3.5 Confeccionáronse padiolas e sistemas para a inmovilización e o transporte de persoas enfermas ou accidentadas, utilizando materiais convencionais e inespecíficos ou medios de fortuna
CA3.6 Detectáronse as necesidades psicolóxicas da persoa accidentada
CA3.7 Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada
CA3.8 Valorouse a importancia do autocontrol ante situacións de estrés

4.8.e) Contidos

Contidos
Protocolos fronte á obstrución de vía aérea. Obstrución completa e incompleta. Casos especiais. Embarazadas, cativos/as e persoas obesas. Vítima consciente e inconsciente.
Intervención prehospitalaria en accidentes no medio acuático e afogamento, e intervención ante lesións medulares. Atención específica a parturientes ante situación de parto inminente, consonte protocolo establecido.



Contidos
<p>Atención específica a persoas accidentadas que sufriron lesións por axentes físicos, químicos e mecánicos, consonte protocolos establecidos.</p> <p>Técnicas e estratexias de superación de situacións de ansiedade, agresividade, angustia e dó.</p> <p>Valoración do papel do/da primeiro/a interviniente.</p> <p>Factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia.</p> <p>Fundamentos da reanimación cardiopulmonar básica (RCPB): instrumental, métodos e técnicas básicas.</p> <p>Actuación fronte á parada respiratoria e cardiorrespiratoria. Masaxe cardíaca e desfibrilación externa semiautomática. Accesorios de apoio á ventilación. Balón resucitador. Osixenoterapia.</p> <p>Protocolos de RCPB. Persoas adultas. Colectivos especiais. Situacións de afogamento.</p> <p>Atención inicial ás emerxencias máis frecuentes. Pautas de intervención na aplicación dos primeiros auxilios. Pautas para a non-intervención.</p> <p>Valoración primaria e secundaria. Detección de lesións, doenzas e traumatismos. Causas, síntomas e signos. Alteracións da conciencia. Febre. Vómitos e diarrea. Desmaios. Lipotimias. Síncope. Shock. Dor abdominal e ventre en táboa. Dor torácica.</p> <p>Tipos de lesións: clasificación, síntomas e signos. Tratamento básico: hemorraxias, feridas, queimaduras, accidentes eléctricos, accidentes acuáticos e traumatismos. Traumatismos óseos, articulares e musculares; politraumatismos.</p> <p>Outras situacións de urxencia: intoxicacións; crise anafiláctica; epilepsia e cadros convulsivos; deshidratación; corpos estraños en pel, ollos, oídos e nariz; pequenos traumatismos; urxencias materno-infantís; traumatismos torácicos; accidentes domésticos; accidentes de tráfico; lesións producidas por calor ou frío.</p> <p>Medidas de posreanimación.</p> <p>Avaliación da necesidade de efectuar o transporte por doenza repentina ou accidente. Recollida dunha persoa lesionada. Principios básicos do rescate.</p> <p>Métodos de mobilización e inmovilización máis adecuados en función da patoloxía. Posicións de seguridade.</p> <p>Traslado de persoas accidentadas.</p> <p>Transporte de persoas accidentadas a centros sanitarios. Posicións de transporte seguro. Técnicas de inmovilización e transporte de persoas enfermas repentinas ou accidentadas, utilizando medios convencionais e materiais inespecíficos ou de fortuna.</p> <p>Transporte de persoas accidentadas a centros sanitarios. Posicións de transporte seguro</p> <p>Técnicas de inmovilización e transporte de persoas enfermas repentinas ou accidentadas, utilizando medios convencionais e materiais inespecíficos ou de fortuna.</p> <p>Emerxencias colectivas e catástrofes. Métodos de triaxe simple.</p> <p>Técnicas de apoio psicolóxico para persoas accidentadas e familiares. Comunicación en situacións de crise. Canles e tipos de comunicación. Comunicación do persoal asistente coa persoa accidentada e coa familia. Perfil psicolóxico da vítima. Habilidades sociais en situacións de crise. escoita activa, resposta funcional e comunicación operativa. Apoio psicolóxico e autocontrol. Técnicas de autocontrol ante situacións de estrés: mecanismos de defensa.</p> <p>Técnicas de apoio psicolóxico para persoas accidentadas e familiares. Comunicación en situacións de crise. Canles e tipos de comunicación. Comunicación do persoal asistente coa persoa accidentada e coa familia. Perfil psicolóxico da vítima</p> <p>Habilidades sociais en situacións de crise. escoita activa, resposta funcional e comunicación operativa. Apoio psicolóxico e autocontrol. Técnicas de autocontrol ante situacións de estrés: mecanismos de defensa.</p>



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O módulo de Valoración da condición física e intervención en accidentes está dividido en dúas unidades formativas (UF):

1. Fundamentos biolóxicos e bases do acondicionamento físico con 6 UD.
2. Primeira intervención en caso de accidente ou situación de emerxencia con 2 UD.

Dentro de cada unidade didáctica recollense os criterios de avaliación da mesma, dos cales especificanse os mínimos esixibles no apartado 4 c) desta programación.

Unidades didácticas por avaliación

- Primeira avaliación: UD 1, UD 2 e UD 3
- Segunda avaliación: UD 4 e UD 5
- Terceira avaliación: UD 6, UD 7 e UD 8

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E PONDERACIÓN

UNIDADE FORMATIVA 1: FUNDAMENTOS BIOLÓXICOS E BASES DO ACONDICIONAMENTO FÍSICO

- Probas teóricas e/ou teórico-prácticas, escritas ou orais. 80%
- Tarefas e exercicios teóricos, teórico-prácticos ou de deseño 20%

UNIDADE FORMATIVA 2: PRIMEIRA INTERVENCIÓN EN CASO DE ACCIDENTE OU SITUACIÓN DE EMERXENCIA

- Probas teóricas 50%
- Probas prácticas e orais. 50%

- As probas teóricas serán probas de pregunta curta e poderá realizarse varias probas en cada avaliación para favorecer o aprendizaxe do alumnado.
- As probas prácticas serán valoradas por listas de cotexo ou táboa de indicadores.
- Os traballos escritos serán entregados na Aula Virtual e valorados por listas de cotexo ou táboa de indicadores.
- As exposicións orais serán avaliadas mediante unha rúbrica publicada previamente na aula virtual.

MÍNIMOS EXIGIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA:



- + Coñecer e diferenciar as estruturas, funcións e tipos de ósos e articulacións.
- + Coñecer os principais músculos implicados nos movementos deportivos e a súas respectivas funcións.
- + Diferenciar os tipos de metabolismos e a súa relación con diferentes disciplinas deportivas.
- + Estructuras básicas do sistema cardio-respiratorio.
- + Principios do entreamento
- + Capacidades físicas básicas do acondicionamento físico: resistencia y fuerza
- + PAS, RCP e OVACE

REDONDEO DE APROXIMACIÓN

Do decimal 0 a 4 ambos inclusive, redondearase ate o número enteiro actual e de 5 a 9 aumentarase ao seguinte número enteiro, por exemplo, no caso dun 5,855 a nota do boletín será un 6, se fose 5,422 a nota do boletín será un 5.

NOTAS TRIMESTRAIS DA AVALIACIÓN:

A nota trimestral calcularase ponderando as notas obtidas nas unidades didácticas conforme a programación.

NOTA FINAL DA AVALIACIÓN:

A nota final calcularase coas notas obtidas en cada unidade didáctica coa súa respectiva ponderación:

- UD1: 8%
- UD2: 20%
- UD3: 12%
- UD4: 20%
- UD5: 12%
- UD6: 8%
- UD7: 8%
- UD8: 12%

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Recuperación das probas teóricas, teórico-prácticas e/ou prácticas: O alumnado realizará outra proba similar ás realizadas durante o curso. Puntuarase de 0 a 10, atendendo as ponderacións fixadas.

* O alumnado que no superara as avaliacións realizará unha proba de recuperación da parte teórica, práctica e entrega de traballos prácticos propostos e terá a mesma estrutura que as realizadas durante o curso. Cando a profesora o estime oportuno e sempre que sexa posible en función do tempo dispoñible e non se vexa afectado o desenvolvemento normal desta programación poderase acordar a realización desta proba de recuperación antes das avaliacións correspondentes.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Como figura na resolución do 7 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2023/2024 no seu artigo cuarto e conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total.

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha única proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. Esta proba estará composta polas seguintes partes: unha parte escrita e unha proba práctica.

En todo caso, a perda do dereito a avaliación continua non implicará a perda do dereito de asistencia a clases, de tutorización.

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria que constará de:

> 80%: Proba escrita con preguntas de desenvolvemento teórico ou teórico-práctico dos contidos traballados ao longo do curso e actividades de descrición e análise de exercicios, así como supostos prácticos de deseño de exercicios, actividades, rutinas, progresións, sesións, avaliacións, programas de actividades, etc.

> 20%: Probas de execución práctica: Execución de exercicios, actividades, rutinas, intervencións en accidentes.

A proba final extraordinaria de 2º curso poderá realizarse: antes da FCT ou en xuño, a escoller polo alumnado.

* Consideracións importantes:

- Para determinar a perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente Normas de organización e funcionamento do centro.

- Cando as faltas de asistencia alcancen o 10% comunicaráselle a perda do dereito á avaliación continua. Perda da avaliación continua seguindo o número total do módulo:
10% (+25 sesións). Apercibimento: 6% (+15 sesións)

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Segundo establece ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. [DOG Núm. 136 Venres, 15 de xullo de 2011] ; o Departamento ou no seu caso o equipo docente do ciclo, cunha frecuencia mínima mensual, fará o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. O referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo.

Farase conxunta co alumnado con enquisas sobre a labor docente, o grao de consecución dos obxectivos, o grao de satisfacción co módulo. Xeralmente, este tipo de enquisas fanse de forma conxunta con Departamento de Orientación do centro, para poder avaliar e mellorar a calidade do ciclo educativo.



8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase a principio de curso e terá como obxectivo avaliar cal é o estado de coñecementos e habilidades individuais do alumnado e identificar posibles dificultades de aprendizaxe e problemas de comportamento. Para isto tamén se realizarán un test de intelixencias múltiples. O equipo docente, pode adoptar decisións comúns cando así o requira a dinámica do grupo de alumnos. Nos primeiros días entregarase un cuestionario a cada alumno/a do grupo para avaliar os coñecementos previos de aqueles contidos que son básicos para poder asimilar sen dificultades os contidos do módulo e para diagnosticar o grao de coñecemento dos mesmos. Tamén de forma complementaria, a profesora poderá preguntar ao alumnado sobre determinados aspectos do currículo para determinar o grao de coñecemento dos mesmos. En caso de detectar algunha deficiencia, se les enviarán actividades de reforzo cuxo contido variará en función das deficiencias atopadas

Ante a ausencia de persoas que amosen algún tipo de discapacidade non se levará a cabo ningún tipo de adaptación curricular, o que non quere dicir que non se trate de individualizar o máximo posible a ensinanza. Tratando de chegar a todo o alumnado e modificando a disposición na aula e o xeito de transmitir os contidos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo ha de ter como obxectivo conseguir un ensino máis adaptado a cada alumno/a de modo que poida desenvolver ao máximo todas as súas capacidades, non ceñíndose exclusivamente aos aspectos intelectuais e de coñecemento senón tendo en conta tamén os de axuste persoal, emocional e social.

A)As incluídas na estrutura da aula:

Este tipo de estratexias non modifica a organización do Centro nin do ciclo nin do nivel, concrétese dentro da aula. É, por tanto, fácil de realizar no sentido de que non require contar con máis medios persoais que o profesor da aula e nalgúns casos, os profesores que contan con horario destinado ao reforzo educativo.

Medidas tales como.

1. Estratexias de Programación:

- Establecer, con claridade, os obxectivos mínimos a conseguir por todo o grupo
- Preparar actividades sobre un mesmo contido de repaso, de reforzo e de profundización variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se pon en xogo.

2. Estratexias de Recursos Materiais:

- Banco de recursos con materiais que permitan realizar actividades de repaso, reforzo e profundización.

3. Estratexias Espaciais.

- Localización do alumnado no sitio máis adecuado tendo en conta as características de cada neno.
- Localización das mesas en función do tipo de actividade que se vaia a realizar.
- Realización de tarefas de consulta, de reforzo, traballo independente, de ordenador, etc.



B) Estratexias Persoais:

- Axuda entre iguais: Tutoría entre alumnos: un alumno ou alumna, considerado experta nunha habilidade ou contido determinados, instrúe ou axuda a outros que non o dominen.
- Aprendizaxe cooperativa: grupos heteroxéneos de alumnos/as que teñen o obxectivo de conseguir unha meta común; para conseguilo é imprescindible a participación de cada un dos membros do grupo.
- Traballo colaborativo en pequeno grupo (homoxéneos por capacidade ou por rendemento) ou en parella.
- Ensino compartido: presenza na aula de dúas ou máis profesionais que poden repartirse as tarefas, intercambiar roles e proceder a unha mediación máis individualizada. sempre en cando o centro teña a posibilidade de ter dous profesionais no mesmo grupo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A programación atendera a una educación en valores e educación en saúde.

A capacitación para o exercicio e as responsabilidades de unha profesión no se limita ao adquisición de determinados contidos, técnicas e procedementos. O futuro profesional do acondicionamento físico require coñecementos actualizados e integrados, de valores de redimensionamento humano para o exercicio profesional, que deben ser desenrolados dende o proceso de formación de forma intencionada e consciente pola institución educativa.

Na actividade profesional, será sempre necesario conxugar a dimensión científica do coñecemento coa dimensión ética e de valor, asegurando a formación integral e armónica das alumnas/os.

O carácter transversal que a educación en valores ten, implica a súa inclusión en todos os momentos do proceso educativo. Debemos aproveitar o traballo da comunidade educativa para fomentar a tolerancia e o respecto, tanto ás persoas como ás súas ideas e á súa forma de vida.

Os temas transversais preséntanse como un conxunto de contidos que interactúan en todas as ensinanzas; non se trata, pois, dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón dunha serie de elementos da aprendizaxe sumamente globalizados que deben ser tratados en todos os módulos do ciclo formativo. Partimos do convencemento de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, pois orientan ao alumnado cara á transformación social e a realización persoal.

Ao longo do curso, atenderase ao desenvolvemento de aspectos relacionados coa conciliación da vida laboral e familiar e a non discriminación laboral (en especial, por razón de raza ou xénero). Así mesmo,



tratarase o respecto e a valoración das opinións dos demais, mantendo sempre as relacións de paz e comprensión, tendo en conta a actitude crítica de cada un cara ao seu traballo. Ademais, desenvolveremos a adquisición da capacidade de traballo en equipo, do seguimento veraz de protocolos e do valor engadido das tarefas ben feitas. Alén do anterior, trataranse, na medida do posible, outros aspectos transversais como a saúde laboral e a prevención de riscos laborais (o alumnado iniciárase nesta materia a través de protocolos de seguridade no traballo), educación medioambiental (a propósito dos residuos que, con motivo da súa actividade profesional, implicándoos na conservación do medio ambiente) e a educación para a saúde, tema transversal por excelencia, tanto no ámbito profesional coma laboral (mediante a transmisión de condutas, hábitos e prácticas saudables).

Ao longo do módulo tamén se motorizara a linguaxe nas aulas, tanto entre a docente e o alumnado e entre o alumnado, eliminado ou substituíndo os adxectivos cualificativos pexorativos e palabras mal soantes. Isto farase coa proposta de vocabulario máis enriquecedor para así tamén ir formando para o mundo laboral onde a linguaxe é a carta de presentación.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Charlas e coloquios en relación co ámbito da valoración da condición física.
- Asistencia a adestramentos, clases relacionadas co ámbito da actividade física-deportiva, realizando sesións prácticas en instalacións deportivas e ximnasios.
- Charlas sobre nutrición e hidratación.
- Talleres de RCP e DESA impartidas polo persoal sanitario obtendo o título de instructor de RCP.

10.Outros apartados

10.1) Espazos de desenrolo das sesións prácticas

Para o desenrolo das sesións prácticas do módulo e máis concretamente nas unidades didácticas relacionadas cos programas de acondicionamento físico se utilizarán espazos exteriores ao recinto educativo como pode ser o paseo marítimo, praia da Concha e de Compostela, O monte Lobeira e complexo polideportivo de Fontecarmoa, Parque do Castriño...

10.2) Accións en situación COVID

Accións realizaranse en base a prácticas exteriores relacionadas co currículo do módulo

10.3) Metodoloxía

A aula virtual tamén será unha ferramenta de axuda ao alumnado con actividades de reforzo cando fose necesario; de comunicación permanente entre alumnado e a profesora, de resolución de dúbidas a través dos



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

foros; de despertar o espírito crítico e a autonomía do alumnado con tarefas autodidácticas; de afianzamento da aplicación das TICs ao proceso de aprendizaxe e a vida cotiá.

En todo momento o que se priorizará no desenvolvemento do módulo e na aplicación desta metodoloxía será as necesidades do alumnado durante o proceso de aprendizaxe, por esta razón o profesor realizará as modificacións que considere oportunas sempre en beneficio do alumnado.